


Bases e categorías



Premios
Martín Códax
da Música

VIII PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA



Músicas
ao Vivo

UN PROXECTO DE MÚSICAS AO VIVO @2021

00. Índice de contidos

01	Que son?
02	Ata cando?
03	Quen pode inscribirse?
04	Categorías
06	Límites e incompatibilidades Inscripción de candidaturas
07	Publicación de información Censo de Compostela e A Coruña
08	Calendario VIII Edición
09	Sistema de votación Organización



01. Que son?

Os Premios Martín Códax da Música naceron en 2013 promovidos pola Asociación Músicas ao Vivo, nun contexto que segue rebordando creatividade musical pero adoece de apoios, de recoñecemento, de visibilidade e dunha industria capaz de facer rendible o inmenso potencial deste sector estratéxico. Un sector que, no caso de ser dimensionado, moi probablemente se rebelaría como o máis produtivo e con máis potencial para a cultura galega.



← Pulsa o logo para volver ao índice

Estes galardóns teñen uns obxectivos que van moito máis aló da autocomplacencia e o autobombo do sector, para sumarse a esa idea de 'facer país' na que tantos axentes traballamos a diario. Estas son as principais metas dos premios:

RECOÑECER a creación, a diversidade e a calidade artística das producións musicais galegas, así como revelar novos talentos da escena musical galega e achegar a música eo seu proceso de produción ao público.

FACER RENDIBLE O POTENCIAL DA NOSA MÚSICA.

Músicas ao Vivo é consciente do tremendo potencial que a Música Galega ten, e temos presente que a enorme produción e creación musical da que gozamos en Galicia non chega a todos os sectores da poboación tal e como debería. Músicas ao Vivo entende a música galega dun xeito aberto, universal e inclusivo, sen poñer cotas estilísticas ou doutra índole. Aí reside a nosa riqueza.

Creemos que debemos traballar para facer sentir a presenza do sector produtivo con máis potencial dentro da cultura galega, e de tirar del toda a rendibilidade que é quen de producir.

Os premios están axudando a promover a música creada en Galicia non só dentro do país, senón tamén a nivel estatal internacional, ampliando deste xeito a actividade económica deste sector no exterior.

FACER VISIBLE A TODO UN SECTOR

Os Premios Martín Códax da Música darán visibilidade á Música Galega. Con carácter xeral, poñendo nos medios a todo un colectivo de creadores, a toda unha industria e a toda una comunidade comprometida coa cultura musical galega; e de xeito particular, resaltando 3 proxectos concretos por cada unha das 17 categorías musicais e os 3 Premios Organistrum, que destacan anualmente unha Sala, un Festival e un Espazo de Comunicación Musical; ademais da mención honorífica a toda una carreira artística ou traxectoria profesional dedicada á música que teña sido un referente para o resto de músicos e músicas en Galicia.

Non obstante, a excepcionalidade deste “annus horribilis” fainos tomar unha serie de medidas tamén excepcionais. Este ano as salas de concertos galegas permaneceron pechadas durante longos períodos de tempo, moitas aínda continúan sen abrir e algunhas mesmo pecharon definitivamente. Do mesmo xeito, a celebración dos festivais galegos viuse tamén moi afectada pola situación desencadeada pola COVID-19 e moitos deles non puideron levarse a cabo con normalidade.

Dadas estas circunstancias a asociación non considera oportuno que nesta edición dos Premios Martín Códax da Música as salas e festivais sexan sometidas ao escrutinio do xurado e queremos brindarlles de xeito unánime todo o noso apoio e recoñecemento neste momento tan complexo para todos.

Por iso entregarase un premio extraordinario nestas dúas categorías, outorgados directamente pola asociación do mesmo xeito que se fai anualmente co Premio Honorífico.

En total, estes galardóns botarán luz sobre 51 proxectos musicais galegos actuais e en activo, garantindo así a transcendencia mediática e o potencial tan diverso da música galega, así como a súa tradución ao mercado musical do momento, tanto o discográfico como o da música ao vivo.



02. Ata cando?

O proceso de inscrición de proxectos estará aberto dende o 23 de agosto ata o 5 de setembro de 2021.



03. Quen pode inscribirse?

A convocatoria vai dirixida a todos os proxectos musicais galegos vixentes e en activo no ano 2021, agás os que xa foran premiados na anterior edición dos premios.



Entendemos por proxectos musicais galegos a grupos, solistas, espectáculos ou proxectos discográficos realizados en Galicia, ou realizados fóra de Galicia por músicas ou músicos de orixe galega. En concreto, se o proxecto en cuestión é de fóra de Galicia, as persoas que o integren deberán ser maioritariamente de procedencia galega, ou polo menos o 50% da mesma agrupación musical. Nos casos nos que o proxecto sexa liderado por alguén de Galicia, non será necesario cumprir para o resto de integrantes este mínimo do 50% de procedencia galega. Poderán participar tamén grupos de fóra de Galicia, ben por cantaren en galego ou por interpretaren, na súa meirande parte, música de raíz galega.

Non será requisito imprescindible ter editado disco no 2020/21, nin ter editado disco algún. Con todo, a produción discográfica é algo que debe pesar e moito na traxectoria dun proxecto musical. Non obstante, estes premios pretenden valorar especialmente o feito musical ao vivo, independentemente do traballo discográfico.

A inscrición para acadar o nomeamento aos premios será libre e gratuíta.

Os premios Martín Códax da Música van dirixidos ao colectivo en xeral de músicas e músicos de Galicia, polo tanto non é necesario ser socia ou socio de Músicas ao Vivo para optar a estes Premios.



04. Categorias

En total, convócanse 17 categorías musicais, as mesmas que na pasada edición.



17 CATEGORÍAS MUSICAIS

- Proxecto destacado Galego de Pop e Indie
- Proxecto destacado Galego de Rock
- Proxecto destacado Galego de Blues, Funk e Soul
- Proxecto destacado Galego de Metal
- Proxecto destacado Galego de Canción de Autor/a
- Proxecto destacado Galego de Músicas Urbanas
- Proxecto destacado Galego de Reggae, Ska e Mestizaxe
- Proxecto destacado Galego de Electrónica
- Proxecto destacado Galego de Música Clásica e Contemporánea
- Proxecto destacado Galego de Jazz e Músicas Improvisadas
- Proxecto destacado Galego de Música Tradicional
- Proxecto destacado Galego de Música Folk
- Proxecto destacado Galego de Músicas do Mundo
- Proxecto destacado Galego de Música Infantil
- Proxecto destacado Galego de Orquestras, Grupos e Música de Verbena
- Proxecto destacado Galego de Coros e Grupos Vocais
- Proxecto destacado Galego de Bandas de Música Popular



Premio Organistrum

O Organistrum é un instrumento do que temos constancia pola súa presenza no Pórtico da Gloria. É anterior mesmo ao propio trovador Martín Códax. Sabemos del que eran necesarias dúas persoas para facelo soar, debido ao seu mecanismo e gran tamaño.

Con esta imaxe queremos render recoñecemento aos cómplices imprescindibles dos intérpretes musicais. Axentes presentes no noso sector musical, na nosa industria e no feito cultural mesmo.

Nesta edición soamente se abrirá a inscrición aos “Proxectos de comunicación e difusión musical”, xa que as categorías de Salas e Festivais serán recoñecidas cun premio extraordinario debido á situación insólita dos últimos tempos provocada pola pandemia.

Os Premios Organistrum serán 3:

- Salas {Premio Extraordinario}
- Festivais {Premio Extraordinario}
- Proxectos de comunicación e difusión musical



Premio Honorífico Músicas Ao Vivo

En cada edición dos Premios Martín Códax da Música entregase un Premio Honorífico a un/unha música/o galega/o ou persoa vencellada directamente á música do país, que pola súa traxectoria e dedicación á música ao vivo, constitúa un referente para as novas xeracións de músicas/os.

A Xunta Directiva escollerá o premiado ou premiada de cada edición entre as propostas presentadas polas/os socias/os telematicamente segundo o acordado en Asemblea Extraordinaria de Músicas ao Vivo.

05. Límites e incompatibilidades

Só se poderá inscribir o mesmo proxecto nunha soa categoría.

Non poderán participar nestes Premios os proxectos que utilicen nas súas actuacións e/ou espectáculos playbacks, falsos directos, ou persoas de figuración simulando tocar instrumentos, así como aqueles proxectos con contidos ou actitudes discriminatorias, violentas ou denigrantes.

Tampouco poderán participar nesta edición os proxectos que acadaran premio no 2020.

Non será posible retirar o proxecto inscrito unha vez comezadas as roldas de votacións.

Aquela categoría na que non se inscriban un mínimo de 5 candidatos quedará anulada.



06. Inscripción de candidaturas

A Inscripción dos participantes será libre e gratuíta, e farase polos propios artistas, grupos, ou músicas/os integrantes do proxecto, a través da web:

 www.premiosmartincodaxdamusica.gal

→ Obrigatorio

Haberá que aportar unha imaxe, unha pequena descrición e dous audios que deberán ser subidos á propia web en formato mp3.

→ Opcional

Tamén se poderá acompañar un vídeo do proxecto vía Youtube ou Vimeo, así como os propios sites e webs do proxecto.

→ Premios Organistrum

Os “Espazos de comunicación musical” terán que subir un logo ou imaxe corporativa, un texto explicativo e as ligazóns que consideren oportunas: webs, vídeos, reseñas etc.



07. Publicación de información

As bandas e artistas participantes autorizan a Músicas ao Vivo a publicar na web www.premiosmartincodaxdamusica.gal ou nas páxinas web das súas entidades colaboradoras, aqueles arquivos de audio, vídeo e imaxes da súa propiedade que sexan necesarios para levar a cabo o proceso de votación e toda a promoción relacionada, sen dereito a contraprestación algunha, pero en todo caso conservando os dereitos de propiedade intelectual que tivesen sobre os mesmos.

A organización non se fai responsable dos erros ou omisións que puidesen conter os datos publicados na web e facilitados polos participantes. Para corrixir aqueles erros ou omisións que puidesen detectarse na fase de inscrición, a reclamación poderá ser enviada á dirección de correo electrónico soporte@premiosmartincodaxdamusica.com dentro do período de Inscricións.



08. Censo de Compostela e A Coruña

Aproveitando o aplicativo web das inscricións nos Premios Martín Códax da Música, abíranse tamén as inscricións nos [censos “Compostela é Música” e “A Coruña é Música”](#).

Recuperamos novamente estes censos co obxectivo cartografar a escena musical de cada unha das áreas metropolitanas (Compostela e A Coruña) e as súas comarcas.

Estes censos oficiais, públicos e actualizados, poderán funcionar como fonte de programación cultural nas cidades, tanto nas canles habituais, como en novas iniciativas que exploren a descentralización cultural e a procura de novos usos, públicos e espazos. A maiores, estes censos serán totalmente dispoñibles para o seu uso entre outros programadores culturais públicos e privados das cidades.

Ademais de proxectos musicais en activo, ábrese a inclusión de Espazos de Programación Musical (salas de concertos, teatros, auditorios...), como parte fundamental e relacionada directamente cos traballadores do sector cultural musical.

Máis información sobre os censos na páxina web de Músicas ao Vivo;
www.musicasaovivo.gal



08. Calendario VIII Edición

AGOSTO







L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

SETEMBRO

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

OUTUBRO

L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

-  Presentación en rolda de prensa
-  Prazo de inscrición
-  Votación do xurado
-  Festa de Finalistas {en caso de poder realizarse}
-  Votacións socios e socias
-  Gala



09. Sistema de votación

Nesta edición, mantense a estrutura de votación da pasada edición. Delégase a primeira selección nun xurado profesional que se encargará de escoitar e puntuar todos os proxectos inscritos, para a continuación ponderar o seu voto nunha sesión conxunta coas demais persoas do xurado. Este xurado estará composto por:

- 1 representante do ámbito da comunicación
- 1 representante do ámbito da formación musical
- 1 representante da industria musical
- 2 músicas/os

A composición do xurado será secreta, mesmo para os propios integrantes, e darase a coñecer unha vez rematada a fase de votacións.

Unha vez feita a selección de finalistas, as socias e socios de Músicas Ao Vivo votarán nunha segunda rolda para escoller os proxectos premiados nesta oitava edición.



10. Organización

A Xunta Directiva de Músicas ao Vivo velará en todo momento polo cumprimento das presentes bases e resérvase o dereito de interpretación das mesmas. Será competencia da Xunta Directiva da Músicas ao Vivo supervisar o proceso necesario para exercer o dereito ao voto e asegurar a transparencia do proceso.

As presentes bases poden estar suxeitas a modificación.

Nese caso, informarase oportunamente a través da web www.premiosmartincodaxdamusica.gal